

PLAN APÍCOLA 2019



A orde das axudas do Plan Apícola 2019 será publicada neste mes de marzo. A subvención repartirase nesta orde prioridade e coa porcentaxe máxima de:

- Ata o 80 % nos tratamentos contra a varroa
- Ata o 50 % no alimento
- Ata o 50 % na cera

O Plan Apícola tamén subvenciona o 90 % do custe dun veterinario e o 70 % dun técnico, para prestar información e asistencia técnica ós apicultores e apicultoras.

Para o cálculo das axudas, teranse en conta as colmeas declaradas polo solicitante a 31/12/18 na oficina agraria. En función das solicitudes que haxa, pode ser que non cheguen os fondos para cubrir todos os conceptos, especialmente a cera por estar en último lugar na orde de prioridade.

No momento de enviar a solicitude os socios e socias terán que enviar o xustificante de pago de todo o material (tratamentos, cera e alimento) e do seguro das colmeas. Ademais, quen o desexe tamén pode facer o pago da cota anual.

REQUISITOS

1. Estar inscrito/a no Rexistro Oficial Apícola de Galicia antes do 01 de xaneiro do 2019.
2. Ter actualizado o caderno apícola antes do 1 de marzo do 2019 na oficina agraria.
3. Ter contratado un seguro de colmeas a través de AGA ou por conta propia.

Para SOLICITAR AS AXUDAS os socios/as deberán enviar:

1. Solicitude que se adxunta nesta carta (ver exemplo no anexo I)
2. Xustificante de pagamento do material e seguro, a ingresar na conta de AGA (indicando no concepto o nome do socio/a e Plan Apícola 2019) ou fotocopia da factura de compra emitida por AGA (só no caso de ter adquirido o material previamente).
3. Fotocopias do caderno apícola da:
 - Páxina nº1 onde figura o selo da actualización do ano 2019. Se nesta páxina non está o selo, enviar tamén a páxina onde estea (da nº 1 a 3), asegurándose que aparezan claramente: selo, sinatura, data e "conforme" da oficina agraria.
 - Páxina nº4 onde figuran os datos do titular da explotación.

Non é necesario compulsalas.

PRAZOS

Entrega solicitude e documentación: Ata o día 12 de abril

- Por email: planapicola@apiculturagalega.es. Enviar a solicitude e as copias do caderno en documentos diferentes, sendo claramente lexibles todos os datos. Enviaremos confirmación da súa recepción por email, se non se recibe nun prazo de 7 días dende o envío, contactar con AGA.
- Por carta: AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María Arzúa. Enviar as fotocopias por unha única cara, sendo claramente lexibles todos os datos.

Recollida tratamento e material: Ata o día 5 de xullo.

MATERIAL SUBVENCIONADO

Tratamentos contra a varroa

O tratamento será subvencionado ata o 80 % do seu custe, para as colmeas que figuren actualizadas na oficina agraria a 31/12/18. No caso de necesitar tratamento para máis colmeas, pódese pedir agora na mesma solicitude.

Hai que facer o pedido por envases completos. Para as colmeas actualizadas na oficina agraria realizarase o pagamento do 20% do seu custe (xa a prezo subvencionado) e para o resto de colmeas a prezo sen subvención (ver prezos no anexo III).

O tratamento será entregado polo veterinario no mes de xuño (ver datas no anexo II) xunto coa receta e factura, que hai que gardar para a próxima actualización do caderno na oficina agraria. Os socios e socias con explotacións de máis de 100 colmeas (tratadas co mesmo produto) recibirán o pedido no seu domicilio, xunto coa receta e factura.

Alimento e cera

O alimento e a cera poden ser subvencionados ata o 50 %. Para o alimento, pódese pedir como máximo 4 € por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 2 €. Para a cera pódese pedir como máximo 8 € por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 4 €. Para poder solicitar alimento e cera hai que solicitar tamén o tratamento para a varroa.

No momento de enviar a solicitude pagarase o 100% do seu custe (ver prezos no anexo IV). En función da porcentaxe que finalmente se subvencione, farase a devolución correspondente a cada socio ou socia a partir do mes de outubro, cando AGA cobrará a subvención.

O material solicitado poderase recoller nos lugares indicados no anexo IV a partir do 1 de maio ata o 5 de xullo. No momento de recoller o pedido hai que avisar que é para o Plan Apícola e gardar o albarán (non é necesario enviar a copia a AGA).

No caso de necesitar alimento ou cera en ecolóxico poñerse en contacto con AGA no momento de facer a solicitude.

SEGURO APÍCOLA

Para solicitar o Plan Apícola é obrigatorio ter un seguro de colmeas. Hai que asegurar como mínimo as colmeas actualizadas no libro. O custe é de 1 €/colmea e ten un validez ata o 7 de febreiro de 2020. Lembramos que o seguro non se renova automaticamente, polo tanto é preciso comunicar a AGA a súa renovación aínda que xa o teñan feito o ano pasado.

Para facer o seguro por AGA: Se todavía non o comunicaron, hai que indicalo na solicitude da subvención anotando o nº de colmeas e facer o pago xunto co resto do material solicitado.

No caso de ter seguro propio: Enviar xunto coa solicitude a copia da póliza e o xustificante bancario do seu pagamento.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura
Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)
Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: info@apiculturagalega.es / Web: www.apiculturagalega.es

ANEXO I

EXEMPLO SOLICITUDE

María ten 23 colmeas declaradas na oficina agraria a data 31/12/18 e quere pedir o máximo permitido na subvención. O pedido sería o seguinte:

1. TRATAMENTO DA VARROA

Produto:Apivar..... N° envases:.....5.....
 N° colmeas a 31/12/1823..... X Prezo Plan Apícola:0,612... € =14,08..... € +
 N° colmeas a maiores.....7..... X Prezo sen Plan Apícola3,06..... € =21,42..... €
 Lugar de recollida (ver anexo II):...Arzúa..... **IMPORTE 1:35,50... €**

2. ALIMENTO

Produto A:..Apipasta con proteina e vitamina..... N° envases:.....36..... X prezo:1.25... € = Importe A:45,00... € Lugar de recollida:	Produto B:.....Beefood inverno..... N° envases:.....35..... X prezo:1,30..... € = Importe B:45,50..... € Lugar de recollida:
--	--

Importe A:45,00.... + Importe B:....45,50.....= **IMPORTE 2:90,50..... €**

3. CERA

Kg:.....16..... X prezo: ...11..... € = **IMPORTE 3:176..... €**
 Lugar de recollida (ver anexo II):.....Apiyago.....

4. SEGURO COLMEAS

Asegurar con AGA: N° colmeas....23.... X 1,00 € = **IMPORTE 4:23..... €**
 Por conta propia: Enviar coa solicitude a copia da póliza e xustificante bancario do seu pagamento.

5. COTA AGA (50 €)

Marcar cunha X se desexa facer o pago da cota anual de AGA: X

Importe 1 + Importe 2 + Importe 3 + Importe 4 + Cota AGA= TOTAL A INGRESAR:375,00 €.....

ANEXO II

CALENDARIO DE ENTREGA TRATAMENTOS VARROA 2019

ARZUA. Centro Queixo e Mel. Sabado 1 de Xuño- Mostra Galega de Apicultura, de 10 a 14 h. e de 16 e 18 h.	VILAGARCÍA DE AROUSA. Casa da Cultura de Galáns. Sábado, 22 de xuño, de 11 a 13 h.
QUIROGA.Casa da Cultura. Sabado 8 xuño, de 11 a 13h.	BOIRO. Centro Cultural A Cachada. 22 xuño, de 17 a19 h.
VIANA DO BOLO.Pazo do Mel. Sábado 8 xuño, de 17 a 19h	NARÓN. AAVV Sedes. Domingo 23 de xuño, de 11 a 13 h.
CUALEDRO. Centro Interpretación Os Castros. Domingo 9 de xuño, de 17 a 19 h.	ORTIGUEIRA. Centro Social San Adrián. Domingo, 23 de xuño de 16 a 17 h.
CARBALLO. Pazo da Cultura. Domingo 9 xuño, horario de 17 a 19 h.	MOAÑA. Casa Mocidade,O Rosal. Domingo 23 de xuño,de 17 a 19 h. Coincidindo co curso básico
LALÍN. Auditorio - Conservatorio. Venres, 14 de xuño de de 17 a 19 h.	MONDOÑEDO. Centro Comarcal A Mariña Central (Antigo cuartel). Sábado 29 xuño, de 11 a 13 h.
OURENSE.Apícola Carballal.Sábado 15 de xuño,de 18 a 20h	O CORGO. Local Veciños Pedrafita. Sábado 29 xuño, de 17 a 19 h.
GONDOMAR. Centro Neural. Domingo 16 de xuño, de 11 a 13 h.	A CORUÑA.Mesón Godello.Venres 5 xullo de 17 a 20 h.

ANEXO III

PREZOS TRATAMENTOS VARROA

PRODUTO	PRINCIPIO ACTIVO	Nº COLMEAS/ ENVASE	PREZO / ENVASE	PREZO / COLMEA SEN PLAN APÍCOLA	PREZO / COLMEA PLAN APÍCOLA (20%)
APIVAR	AMITRAZ (tira de 20,5 cm)	5	15,30 €	3,06 €	0,612 €
APITRAZ	AMITRAZ (tira de 25 cm)	5	15,30 €	3,06 €	0,612 €
APISTAN	FLUVALINATO	5	14,10 €	2,82 €	0,564 €
THYMOVAR (ECOLÓXICO)	TIMOL	5	17,85 €	3,57 €	0,714 €
ECOXAL (ECOLÓXICO)	ACIDO OXÁLICO	25	46,00 €	1,84 €	0,368 €

Nota:

Podemos ofrecer tamén outros produtos válidos para ecolóxico:
Varromed (29,00 € envase para 6 colmeas), Oxybee (40,20 € para 20 colmeas), Maqs (58,10 € para 10 colmeas) e Apiguard (23,80 € para 5 colmeas). Debido ás súas características especiais, os socios e socias interesadas que se poñan en contacto co veterinario de AGA para recibir información.

ANEXO IV

PREZOS CERA E ALIMENTO

PRODUTOS	PREZO *	LUGAR RECOLLIDA
Cera	11,00 € / Kg	Erica Mel, Apiyago (Santiago) e Apícola Carballal (Ourense)
Apipasta con proteína e vitamina	1,25 € / Kg 17,25 € Caixa 15 Kg	Apícola Carballal (Ourense) e Erica Mel
Mixfructor	12,60 € Garrafa 14 Kg	Apícola Carballal (Ourense) e Erica Mel
Bee Food inverno	1,30 € / Kg	Apiyago (Santiago) e Erica Mel
Melostar primavera	1,60 € / Kg 30,00 € / Caixa 20 Kg	Apiyago (Santiago) e Erica Mel
Beecomplet Inverno, Primavera e Outono	1,50 € / Kg 17,50 € Caixa 12 Kg	Apícola Regueira (Pontevedra)
Apicar Pro Sólido	1,20 € / Kg 14 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ (Xinzo de Limia)
Apicar Líquido	1,10 € / Kg 12,60 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ (Xinzo de Limia)

*Consultar prezos para cantidades grandes (palets ou contenedores)

SOLICITUDE PLAN APÍCOLA 2019



DATOS SOCIO/A

APELIDOS:	NOME:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS EXPLOTACIÓN

TITULAR:	NIF:
Nº REXISTRO APÍCOLA:	Nº COLMEAS ACTUALIZADAS A 31/12/18:

MATERIAIS E SERVIZOS SOLICITADOS

1. TRATAMENTO DA VARROA SUBVENCIÓN 80% PARA COLMEAS DECLARADAS A 31-12-18. RESTO DE COLMEAS A PREZO SEN SUBVENCIÓN

PRODUTO: Nº ENVASES:.....

Nº COLMEAS A 31/12/18 X PREZO PLAN APÍCOLA: € = €
+
Nº COLMEAS A MAIORES..... X PREZO SEN PLAN APÍCOLA € = €
=

LUGAR DE RECOLLIDA :..... **IMPORTE 1: €**

2. ALIMENTO SUBVENCIÓN ATA O 50 % - PEDIDO MÁXIMO 4 € / COLMEA

PRODUTO A:.....

Nº ENVASES:..... X PREZO: €

= IMPORTE A: €

LUGAR DE RECOLLIDA:

PRODUTO B:.....

Nº ENVASES:..... X PREZO: €

= IMPORTE B: €

LUGAR DE RECOLLIDA:

IMPORTE A: + IMPORTE B:..... = **IMPORTE 2: €**

3. CERA SUBVENCIÓN ATA O 50 %. PEDIDO MÁXIMO 8 € / COLMEA

KG:..... X PREZO: € = **IMPORTE 3: €**

LUGAR DE RECOLLIDA (Marcar cunha X): Erica Mel Apícola Carballal Apiyago

4. SEGURO COLMEAS

ASEGURAR CON AGA: Nº COLMEAS..... X PREZO: 1,00 € = **IMPORTE 4: €**

POR CONTA PROPIA: ENVIAR COA SOLICITUDE A COPIA DA PÓLIZA E O XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO

5. COTA AGA (50 €)

Marcar cunha X se desexa facer o pago da cota anual de AGA:

6. Nº CONTA PARA A DEVOLUCIÓN (indicar só no caso de non ter a cota domiciliada):

.....

7. IMPORTE 1 + IMPORTE 2 + IMPORTE 3 + IMPORTE 4 + COTA AGA = TOTAL A INGRESAR €

Nº conta AGA: ES02 2080 0348 3830 0001 8210 ABANCA -Indicar no concepto: nome socio/a Plan Apícola 2019

AUTORIZO A AGA A SOLICITAR NO MEU NOME O PLAN APÍCOLA DO ANO 2019 E DECLARO QUE NON SOLICITO ESTA AXUDA POR NINGUNHA OUTRA CANLE.

EN _____ A _____ DE _____ DO 2019.

ASDO.

Enviar a AGA, por email ou por carta, ata o día 12 de abril,
xunto coas copias do caderno apícola (páx. 1 a 4) e o xustificante de pagamento.